

Consello de Contas  
de Galicia



**INFORME SOBRE A ESTRUTURA DE  
PERSOAL DAS ENTIDADES LOCAIS DE  
GALICIA**

**EXERCICIO 2011-2012**



## ÍNDICE

<b>I. INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>11</b>
I.1. OBXECTIVOS, METODOLOXÍA APLICADA E ALCANCE .....	11
I.2. LIMITACIÓNS AO ALCANCE .....	12
I.3. NORMATIVA REGULADORA .....	14
I.3.1. Lexislación estatal .....	14
I.3.2. Lexislación autonómica.....	16
I.3.3. Lexislación de control externo.....	16
<b>II. RESULTADOS DO TRABALLO EFECTUADO</b> .....	<b>17</b>
II.1. PLANIFICACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS .....	17
II.1.1. Manuais de procedemento ou instrucións internas .....	18
II.1.2. Organigrama da entidade .....	19
II.1.3. Departamento de persoal e segregación de funcións en materia de nóminas .....	20
II.1.4. Rexistro de persoal .....	22
II.1.5. Plantillas e/ou anexo de persoal.....	23
II.1.6. Control de cumprimento da xornada laboral .....	24
II.2. AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL AO SERVIZO DE ENTIDADES LOCAIS.....	25
II.2.1. Réxime retributivo.....	25
II.2.2. Regulación orzamentaria.....	26
II.2.3. Medidas extraordinarias para reducir o déficit público.....	26
II.3. NÚMERO DE EFECTIVOS AO SERVIZO DE ENTIDADES LOCAIS .....	27
II.3.1. Órganos de goberno.....	27
II.3.2. Persoal eventual.....	29
II.3.3. Persoal funcionario.....	30
II.3.4. Persoal laboral .....	33
II.4. DATOS ORZAMENTARIOS DO GASTOS DE PERSOAL EN DEPUTACIÓNS E CONCELLOS, 2011-2012 .....	37
II.5. DETALLE DE GASTOS DO PERSOAL EN DEPUTACIÓNS E CONCELLOS, 2011-2012.....	39
II.5.1. Detalle dos gastos de persoal. Deputacións.....	40
II.5.2. Detalle dos gastos de persoal. Concellos.....	41
II.6. ASPECTOS CONCRETOS SOBRE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS .42	
<b>III. CONCLUSIÓNS</b> .....	<b>44</b>
<b>IV. RECOMENDACIÓNS</b> .....	<b>46</b>
<b>V. ANEXOS</b> .....	<b>49</b>



## ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Clasificación de municipios por tramo poboacional.....	12
Cadro 2. Concellos que incumpriron a obriga de colaborar .....	13
Cadro 3. Concellos que non enviaron o cuestionario de avaliación do persoal cumprimentado .....	13
Cadro 4. Concellos que non enviaron datos sobre cargos con dedicación exclusiva ou parcial.....	13
Cadro 5. Concellos que non enviaron copia do organigrama da entidade.....	14
Cadro 6. Mostra de entidades por subgrupo.....	17
Cadro 7. Entidades que dispoñen de manuais de procedemento .....	18
Cadro 8. Entidades que teñen organigrama.....	19
Cadro 9. Entidades que contan con unidades administrativas de xestión de persoal .....	21
Cadro 10. Entidades que teñen rexistro de persoal .....	22
Cadro 11. Entidades que aprobaron plantilla de persoal .....	23
Cadro 12. Entidades que dispoñen de instrumentos para controlar a asistencia e puntualidade do persoal .....	24
Cadro 13. Mostra de entidades por subgrupo para análise de cargos electos con DE ou DP.....	28
Cadro 14. Cargos electos con dedicación exclusiva ou parcial .....	28
Cadro 15. Mostra de entidades por subgrupo para cuantificar o número de persoal eventual .....	29
Cadro 16. Número de efectivos que traballa como persoal eventual.....	29
Cadro 17. Número de funcionarios por tramo de poboación .....	31
Cadro 18. Número de funcionarios por grupo de acceso á función pública .....	32
Cadro 19. Número de laborais por estrato de poboación .....	34
Cadro 20. Número de laborais por grupos de titulación .....	35
Cadro 21. Datos orzamentarios agregados da liquidación do orzamento 2011-2012. Deputacións.....	37
Cadro 22. Datos orzamentarios agregados da liquidación do orzamento 2011-2012. Concellos.....	38
Cadro 23. Liquidación do orzamento de gastos por artigo, 2011-2012. Deputacións .....	41
Cadro 24. Liquidación do orzamento de gastos por artigo, 2011-2012. Concellos.....	42
Cadro 25. Entidades que informan exceder o límite previsto no artigo 7.2.b) e c) do RD 861/1986.....	43
Cadro 26. Entidades que informan carecer de criterio obxectivo para asignar produtividade e gratificacións .....	44



## ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Número de municipios por tramo de poboación.....	12
Gráfico 2. Liquidación agregada do orzamento por capítulos de gasto. Deputacións .....	38
Gráfico 3. Liquidación do orzamento por capítulos de gasto. Concellos.....	39





## ÍNDICE DE ANEXOS

ANEXO I: Entidades que non dispoñen de manual de procedemento.....	51
ANEXO II: Entidades que non teñen organigrama .....	53
ANEXO III: Entidades que carecen de unidades administrativas de xestión de persoal independentes.....	54
ANEXO IV: Entidades que non teñen rexistro de persoal .....	56
ANEXO V: Entidades que non aprobaron plantilla de persoal .....	58
ANEXO VI: Concellos que non dispoñen de instrumentos para controlar a asistencia e puntualidade .....	58
ANEXO VII: Municipios que superan o límite en gratificacións e complementos de produtividade (Art. 5, 6 e 7 do RD 861/1986).....	60
ANEXO VIII: Entidades que non teñen aprobados criterios obxectivos para asignación de complemento de produtividade e gratificacións .....	60



## SIGLAS

DE	Dedicación exclusiva
DP	Dedicación parcial
EBEP	Estatuto básico do empregado público
FHCN	Funcionarios con habilitación de carácter nacional
LRBRL	Lei reguladora das bases de réxime local
RDL	Real Decreto Lexislativo
ROF	Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
TRRL	Texto refundido de réxime local



## I. INTRODUCCIÓN

### I.1. OBXECTIVOS, METODOLOXÍA APLICADA E ALCANCE

De conformidade co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Pleno da Institución, en sesión celebrada o 18 de decembro de 2012, acordou incluír no seu programa de actuacións para 2013, a elaboración dun informe sobre estrutura do persoal ao servizo do sector local de Galicia, referido ao período 2011–2012.

Os obxectivos específicos deste traballo consistiron en determinar o número de efectivos por clases de persoal, diferenciando entre cargos electos, persoal eventual, funcionarios e persoal laboral, cuantificando así mesmo o volume total das retribucións básicas e complementarias asignadas a cargos electos, persoal eventual e funcionarios con habilitación de carácter nacional, exclusivamente.

Non obstante, conforme ás Directrices Técnicas aprobadas pola Institución, estimouse oportuno completar a análise considerando, tamén, o volume de retribucións do resto de persoal anteriormente descrito, é dicir, incluíndo a funcionarios sen habilitación nacional e ao persoal laboral.

Para dar cumprimento a estes obxectivos, púxose a disposición das entidades locais un ficheiro informático onde inserir os datos a remitir a este órgano de control, de xeito que puideran ser analizados de forma homoxénea e en termos de comparabilidade. O ficheiro (cuestionario en formato *xls*), instalouse na páxina web corporativa ([www.ccontasgalicia.es](http://www.ccontasgalicia.es)), con instrucións para a súa cumprimentación e envío á dirección electrónica [rendiciondecontas@ccontasgalicia.es](mailto:rendiciondecontas@ccontasgalicia.es), de tal xeito que a integridade da información solicitada puidera ser verificada ao recibirse.

A efectos de procesar e comparar información, as entidades locais obxecto de análise clasificáronse nos seguintes dous grupos:

- *Grupo 1*, formado por deputacións provinciais.
- *Grupo 2*, configurado por concellos que, á súa vez, se subdivide en cinco subgrupos ordenados por estrato de poboación a 1 de xaneiro de 2012.


No seguinte Cadro 1, contéñense os subgrupos de municipios co número de concellos que configuran cada tramo poboacional, o seu peso relativo e os habitantes correspondentes a cada subgrupo expresados en termos absolutos e relativos.

**Cadro 1. Clasificación de municipios por tramo poboacional**

Grupos	Municipios	%	Poboación 2012	%
2.1 máis de 50.000 h.	7	2,2%	999.907	35,9%
2.2 20.001-50.000 h.	15	4,8%	430.871	15,5%
2.3 10.001-20.000 h.	37	11,7%	520.369	18,7%
2.4 5.001-10.000 h.	54	17,2%	366.623	13,2%
2.5 Ata 5.000 h.	202	64,1%	463.728	16,7%
<b>TOTAL</b>	<b>315</b>	<b>100,0%</b>	<b>2.781.498</b>	<b>100,0%</b>

A representación gráfica do número de municipios que configuran cada subgrupo se presenta, cunha mellor claridade visual, no seguinte Gráfico 1.

**Gráfico 1. Número de municipios por tramo de poboación**



En canto ao alcance subxectivo destes traballos, o ámbito de fiscalización circunscríbese ás entidades locais territoriais de Galicia, conforme á definición contida no artigo 3.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é dicir, ás 4 deputacións provinciais e 315 municipios, sen ter en conta os seus entes dependentes. O alcance temporal está referido aos exercicios 2011 e 2012.

## I.2. LIMITACIÓNS AO ALCANCE

En termos xerais, non existiron limitacións que impidiran cumprir cos obxectivos deste traballo. Sen embargo, a mostra viuse condicionada pola ausencia de colaboración institucional de 8 concellos, a pesares de que o Consello de Contas de Galicia remitira dous escritos ás entidades obxecto de fiscalización (26 de setembro de 2013 e 24 de marzo de 2014); e que tamén se contactara telefonicamente cos interventores municipais das entidades remisas solicitando a necesaria colaboración, durante os traballos de campo deste Informe, que se estenderon ata o 31 de xaneiro de 2015.

Os 8 concellos que, pese aos mencionados requirimentos, non cumpriron coa súa obriga de colaborar, clasificados alfabeticamente e por provincias, son os que constan no seguinte Cadro 2:

**Cadro 2. Concellos que incumpriron a obriga de colaborar**

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Cariño	Sarria	Lobeira	Ponteareas
Melide		Poboa de Trives	Rodeiro
Ortigueira			

Así mesmo, outros 8 concellos, que se indican no Cadro 3, non enviaron información para coñecer os instrumentos de planificación e ordenación do seu persoal, o que representou unha insalvable limitación ao alcance para opinar sobre a súa concreta situación nesta materia.

**Cadro 3. Concellos que non enviaron o cuestionario de avaliación do persoal cumprimentado**

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
-----	Lugo	Cartelle	Baiona
	Monterroso	Vilar de Barrio	
	Pol	Xinzo de Limia	
	Ribadeo		

Especificamente, ademais do anterior, solicitouse información sobre o número de efectivos que perciben retribucións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial. Pero os 14 concellos que se presentan no Cadro 4, non cumprimentaron o dato requirido.

**Cadro 4. Concellos que non enviaron datos sobre cargos con dedicación exclusiva ou parcial**

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Cedeira	Guntín	Cartelle	-----
	Triacastela	Castrelo do Val	
		Cenlle	
		A Gudiña	
		Larouco	
		Montederramo	
		Parada de Sil	
		Pontedeva	
		A Teixeira	
		A Veiga	
		Vilamarín	

Os seguintes 15 concellos que figuran no Cadro 5 non remitiron os organigramas da entidade a pesares de requirilos en diversas ocasións.

Cadro 5. Concellos que non enviaron copia do organigrama da entidade

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Baña, A	-----	Avión	Cotobade
Cabanas		San Xoán de Río	Gondomar
Ferrol		Verea	Mos
Monfero			Oia
Oroso			Pontecaldelas
Vilarmaior			Vilagarcía de Arousa

Outra limitación ao alcance consistiu en que numerosos concellos remitiron os datos sen códigos de control e en formatos diferentes (*ods, xlsx, xlsb, pdf, etc.*) ao ficheiro Excel solicitado (*xls*). Neste sentido, indicouse que o envío do cuestionario por e-mail se acompañase dun oficio asinado e escaneado, onde figurasen detallados os arquivos enviados, así como o código de control md5 ou SHA-1, correspondente. Porén, durante os traballos de campo, verificouse a integridade dos ficheiros e efectuáronse as tarefas necesarias para adaptar a información ao formato válido, para proceder a súa posterior explotación e análise.

### I.3. NORMATIVA REGULADORA

A normativa reguladora da materia obxecto de exame, inclúese, fundamentalmente, nas seguintes disposicións:

#### I.3.1. Lexislación estatal

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE 311, do 29 de decembro de 1978).
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (BOE 196, do 16 de xullo de 1955).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP), nos artigos non derogados expresamente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases del Réxime Local (BOE 80, do 3 de abril de 1985, rect. BOE 139, do 11 de xuño 1985; e sucesivas modificacións, entre outras Lei 4/1996, do 10 xaneiro, publicada no BOE número 11, do 12 xaneiro 1996).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE 96, do 24 de abril de 1986 e sucesivas modificacións, entre outras, a realizada pola Lei 30/2007, do 30 outubro, BOE 261, do 31 outubro 2007).



- Real decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local (BOE 106, do 3 de maio de 1986).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE 305, do 22 de decembro de 1986).
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve, en materia de orzamentos, o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das facendas locais (BOE 136, do 7 de xuño de 1990).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións (LXS) (BOE 276, do 18 de novembro de 2003).
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral orzamentaria (BOE 284, do 27 de novembro de 2003, modificada entre outras polas Leis 30/2005, 42/2006, 51/2007 e 2/2008, de Orzamentos xerais do Estado).
- Lei 57/2003, do 16 decembro de Medidas para a modernización do goberno local (BOE 301, do 17 decembro 2003).
- Reais decretos 1174/1987; 1732/1994 e 834/2003, polos que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais (BOE 59, do 9 de marzo de 2004, modificado entre outras por Lei 16/2007, do 4 xullo, BOE 160, do 5 xullo 2007).
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda 3565/2008, do 3 de decembro de 2008, sobre estrutura dos orzamentos das Entidades locais (BOE 297, do 10 de decembro de 2008).
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (BOE 89, do 13 de abril de 2007).
- Real decreto 1463/2007, do 2 novembro (BOE 264, do 3 novembro 2007), polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 do 12 de decembro de 2001, de Estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria (BOE 313, do 31 de decembro 2007).
- Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 (BOE 309 do 24 de decembro de 2009).

- Real decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.
- Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para 2011 (BOE 311, do 23 de decembro de 2010).
- Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 (BOE do 30 de xuño de 2012. Corrección de erros no BOE do 5 de xullo, 1 de agosto e 21 de setembro).
- Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público (BOE 315, do 31 de decembro de 2011).
- Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE 168, do 14 de xullo de 2012).

### **I.3.2. Lexislación autonómica**

- Estatuto de Autonomía de Galicia (DOG número 101, do 1 de outubro de 1981).
- Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia (DOG número 114, do 13 de xuño de 2008).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG número 149, do 5 de agosto de 1997; modificada entre outras pola Lei 8/1999, do 11 de febreiro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 121, do 25 de xuño de 2009).
- Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto de os/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (DOG número 52, do 16 de marzo de 2009).

### **I.3.3. Lexislación de control externo**

- Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas (BOE 121, do 21 de maio de 1982).
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia (DOG 130, do 9 de xullo de 1985).
- Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia, do 25 de xuño de 1992 (DOG 138, do 7 de xullo de 1992).

## II. RESULTADOS DO TRABALLO EFECTUADO

Os resultados do traballo realizado divídense en catro grandes bloques. No primeiro apartado, preséntanse os diferentes mecanismos utilizados polas entidades obxecto de fiscalización para ordenar o seu persoal. No segundo bloque, determínase o número de efectivos ao servizo das entidades locais, clasificados por tipo de persoal (órganos de goberno, eventuais, funcionarios e persoal laboral). A continuación, detállase o volume de gasto de persoal recoñecido nos exercicios 2011 e 2012 tanto nas deputacións provinciais como nos concellos. E, por último, conclúese sobre determinados aspectos concretos do complemento de produtividade e gratificacións.

### II.1. PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS

A planificación de recursos humanos nas Administracións públicas, de conformidade co disposto no artigo 69 do EBEP, persigue contribuír á eficacia na prestación de servizos e á eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles.

Para a consecución destes fins, en base á potestade de autoorganización prevista no artigo 4.1.b) da LRBRL, as entidades locais de carácter territorial poden utilizar diversos procedementos e instrumentos de ordenación do seu persoal.

Co propósito de obter información sobre os mecanismos de planificación implantados nas corporacións locais obxecto deste informe, deseñouse un cuestionario con diversas preguntas, cuxas respostas preséntanse clasificadas por grupos de poboación nos seguintes apartados deste epígrafe.

Non obstante, o traballo viuse condicionado, ademais de pola ausencia de información dos 8 municipios incumpridores, por outros 8 concellos (Baiona, Cartelle, Lugo, Monterroso, Pol, Ribadeo, Vilar de Barrio e Xinzo de Limia), debido a que, se ben enviaron o resto de información solicitada, non remitiron o cuestionario cumprimentado. En consecuencia, a mostra restrinxíuse ás 4 deputacións (Grupo 1) e a 299 municipios (Grupo 2), cuxo detalle por subgrupos especifícase no seguinte Cadro 6.

**Cadro 6. Mostra de entidades por subgrupo**

Subgrupos	Entidades	Mostra	Mostra en %
1. Deputacións	4	4	100,0%
<b>Total Deputacións</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>100,0%</b>
2.1 máis de 50.000 h.	7	6	85,7%
2.2 de 20.001 a 50.000 h.	15	14	93,3%
2.3 de 10.001 a 20.000 h.	37	33	89,2%
2.4 de 5.001 a 10.000 h.	54	52	96,3%
2.5 ata 5.000 h.	202	194	96,0%
<b>Total Municipios</b>	<b>315</b>	<b>299</b>	<b>94,9%</b>

A mostra representa o 100% de deputacións e o 94,9% dos municipios. Por conseguinte, os resultados obtidos ofrecen unha visión relativamente completa sobre os diferentes mecanismos de planificación de recursos humanos implantados nas corporacións locais galegas.

### II.1.1. Manuais de procedemento ou instrucións internas

A existencia de instrucións específicas sobre procedementos en materia de persoal, constitúe unha regulación útil para concretar aspectos relativos a funcións dos traballadores, tramitación de nóminas, solicitude de permisos e licenzas, anticipos, axudas de custo, instrucións reguladas para asistir a cursos, xornadas ou seminarios, etc.

A pregunta plantexada no cuestionario foi *se a entidade dispón dun manual de procedementos ou instrucións internas relativas ao persoal*. Os resultados obtidos son os seguintes:

**Cadro 7. Entidades que dispoñen de manuais de procedemento**

Subgrupos	Mostra	Dispoñen de manual	% sobre a mostra
1. Deputacións	4	1	25,0%
<b>Total Deputacións</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>25,0%</b>
2.1 máis de 50.000 h.	6	2	33,3%
2.2 de 20.001 a 50.000 h.	14	2	14,3%
2.3 de 10.001 a 20.000 h.	33	2	6,1%
2.4 de 5.001 a 10.000 h.	52	2	3,8%
2.5 ata 5.000 h.	194	1	0,5%
<b>Total Municipios</b>	<b>299</b>	<b>9</b>	<b>3,0%</b>

A Deputación de Lugo é a única das 4 Administracións Provinciais galegas que responde afirmativamente a esta cuestión.

Do grupo de grandes cidades (Grupo 2.1), tan só A Coruña e Vigo afirman que dispoñen dun texto con instrucións internas sobre persoal.

Unicamente 2 concellos (Carballo e Narón) do Grupo 2.2 (municipios de 20.001 a 50.000 habitantes), indicaron que dispoñen de manual de procedementos.

Do Grupo 2.3, os 2 municipios deste grupo que responderon aseverando que teñen instrucións internas ou manuais sobre persoal son Noia e Vilanova de Arousa.

No Grupo 2.4 hai, tamén, 2 únicos municipios que afirman contar con él e son Abegondo e Ribadumia.

Por último, do grupo máis numeroso (Grupo 2.5), o único concello que afirma contar con manual de procedementos onde se regulan aspectos en materia de persoal é o Concello de Cabanas.

En definitiva, pódese concluír que as entidades locais galegas, en xeral, non dispoñen de regulación específica e propia documentada sobre procedementos estandarizados en materia de persoal. En termos porcentuais, o 75% das deputacións informaron carecer de manual de procedementos ou instrucións internas. A porcentaxe de municipios da mostra que responderon non dispor deste protocolo é do 97%.

A relación individualizada de entidades que informan **non dispor** de manuais ou instrucións internas contense no **Anexo 1**.

## II.1.2. Organigrama da entidade

O organigrama é un instrumento conveniente para representar a distribución orgánica e funcional dunha entidade. Esta representación gráfica permite observar de xeito inmediato tanto a dimensión e estrutura departamental por áreas, servizos, seccións, etc., nas que se divide a institución.

Para coñecer se as entidades locais obxecto de análise dispoñen deste instrumento, preguntouse especificamente sobre a cuestión, solicitándolles que, no caso afirmativo, acompañasen copia do correspondente documento.

**Cadro 8. Entidades que teñen organigrama**

Subgrupos	Mostra	Teñen organigrama	% sobre a mostra
1. Deputacións	4	4	100,0%
<b>Total Deputacións</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>100,0%</b>
2.1 máis de 50.000 h.	6	2	33,3%
2.2 de 20.001 a 50.000 h.	14	7	50,0%
2.3 de 10.001 a 20.000 h.	33	5	15,2%
2.4 de 5.001 a 10.000 h.	52	7	13,5%
2.5 ata 5.000 h.	194	13	6,7%
<b>Total Municipios</b>	<b>299</b>	<b>34</b>	<b>11,4%</b>

As 4 deputacións contestaron afirmando que dispoñen de organigrama da entidade. Como resultado da análise dos documentos remitidos, conclúese que os distintos departamentos figuran distribuídos atendendo a criterios de racionalidade, e obsérvase a vinculación dos diferentes servizos co órgano superior no que se integran e de quen dependen.

As únicas cidades que responderon e afirman ter organigrama actualizado durante os anos 2011 e 2012 son Ferrol, Santiago e Vigo. Porén, o Concello de Ferrol non enviou copia e, tras requirilho, comunicaron non dispor deste documento. Da revisión dos dous organigramas enviados dedúcese unha adecuada distribución que permite albiscar a relación directa e xerárquica entre órganos e servizos.

Do Grupo 2.2 os concellos de Arteixo, Cambre, Carballo, Oleiros, Redondela, Ribeira e Vilagarcía de Arousa contestaron que dispoñen dun organigrama actualizado. Verificouse, que a representación gráfica dos diferentes departamentos se adecúa a criterios de racionalidade e xerarquía orgánica e funcional, agás no caso de Vilagarcía que, aínda reiterando a solicitude, non se aportou o documento para analizar a súa configuración.

Tan só 5 concellos do Grupo 2.3 responderon afirmando que teñen organigrama actualizado (Fene, Gondomar, Mos, Ordes e Vilanova de Arousa). Salvo Gondomar e Mos, que non enviaron copia dos organigramas, visualízase unha distribución departamental coherente cunha adecuada segmentación administrativa.

No Grupo 2.4 hai 7 municipios que afirman ter un organigrama actualizado (Muxía, Neda, Oroso, Pontedeume, Valdoviño, Pontecaldelas e Ribadumia). Observouse, nos organigramas enviados, que o deseño permite visualizar perfectamente a estrutura na que se distribúen os departamentos e áreas municipais. Non se recibiron os organigramas de Oroso e Pontecaldelas, a pesares de requirírllos en diversas oportunidades.

Por último, do Grupo 2.5 hai 13 municipios que indican dispor de organigrama (A Baña, Avión, Bóveda, Cabanas, Cotobade, Forcarei, Irixoa, Laxe, Monfero, Oia, San Xoán de Río, Vereá e Vilarmaior). Porén, os municipios de A Baña, Avión, Cabanas, Cotobade, Monfero, Oia, San Xoán de Río, Vereá e Vilarmaior, non remitiron copia, aínda que foron instados a elo en repetidas ocasións.

Unha vez revisados os documentos proporcionados, constatouse unha estrutura conforme á plasmación gráfica de divisións e subdivisións por servizos, o que posibilita unha fácil observación do reparto administrativo de cada entidade.

En resumo, e de acordo coa información facilitada polas entidades locais, conclúese que todas as deputacións teñen organigrama. Pero, no caso dos municipios, o 88,6% responde indicando explicitamente que non contan con organigrama que especifique a distribución gráfica das distintas áreas nas que se organiza a entidade.

No **Anexo 2** relaciónanse as entidades que informaron **carecer de organigrama** actualizado.

### **II.1.3. Departamento de persoal e segregación de funcións en materia de nóminas**

A reducida dimensión de moitas entidades locais constitúe, sen dúbida, un elemento decisivo a considerar, cando os seus dirixentes valoran a necesidade de dispor dun departamento específico que xestione materias relacionadas co seu persoal. Este feito, vinculado tamén ao escaso número de funcionarios, característico de municipios con pouca poboación, impide que exista unha adecuada segregación de funcións relacionadas coa elaboración de nóminas, a súa fiscalización previa,

aprobación, contabilización e pagamento, a pesares do especificado no artigo 133.b) da LRBRL, que fai referencia á necesaria separación das funcións entre contabilidade e fiscalización da xestión económica e financeira.

De acordo co anteriormente exposto, os municipios que configuran os grupos do tramo de poboación de menos de 10.001 habitantes (Grupos 2.4 e 2.5), informan maioritariamente non dispor dun departamento de persoal independente ou non integrado en Intervención, Tesourería e Contabilidade.

**Cadro 9. Entidades que contan con unidades administrativas de xestión de persoal**

Subgrupos	Mostra	Existe unidade de persoal	% sobre a mostra
1. Deputacións	4	4	100,0%
<b>Total Deputacións</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>100,0%</b>
2.1 máis de 50.000 h.	6	6	100,0%
2.2 de 20.001 a 50.000 h.	14	12	85,7%
2.3 de 10.001 a 20.000 h.	33	17	51,5%
2.4 de 5.001 a 10.000 h.	52	14	29,9%
2.5 ata 5.000 h.	194	22	11,3%
<b>Total Municipios</b>	<b>299</b>	<b>71</b>	<b>23,7%</b>

As 4 deputacións teñen unidade administrativa de persoal e todas manifestan que existe unha clara separación de funcións. O mesmo ocorre cos municipios do Grupo 2.1, onde as cidades informan dispor dun departamento específico de persoal e indican que existe separación de funcións en materia de nóminas. Esta mesma situación reproducése, practicamente, no Grupo 2.2, xa que todos os municipios, salvo A Estrada e Ribeira, informaron que teñen departamento de persoal.

No Grupo 2.3, onde hai municipios de 10.001 a 20.000 habitantes, obsérvase maior diversidade nas respostas xa que, dos 33 concellos que constitúen a mostra, 17 concellos revelan ter esta área organizativa.

Como se indicou anteriormente, dos municipios máis pequenos, tan só 14 concellos (29,9% dos 52 da mostra do Grupo 2.4), din contar con ese departamento independente; e 22 entidades do Grupo 2.5 (que representa o 11,3% da mostra), informan que teñen unidade de persoal.

En definitiva, obsérvase como a maioría de entidades de pequena dimensión carecen dun departamento específico que xestione asuntos relacionados co seu persoal; e son, precisamente, as que comunican non dispor dunha adecuada segregación de funcións en materia de nóminas.

O detalle de entes que informan **carecer** de unidades administrativas de xestión de persoal independentes preséntase no **Anexo 3**.

## II.1.4. Rexistro de persoal

O artigo 71 do EBEP, en concordancia co establecido no artigo 90.3 da LRBRL, esixe aos entes locais que constituán *Rexistros de persoal*. Sen embargo, a pesar desta obriga e a que os datos inscritos en tal rexistro determinarán as nóminas, a efectos da debida xustificación de todas as retribucións, a información proporcionada evidencia o escaso nivel de implantación de dito rexistro nas nosas administracións locais.

**Cadro 10. Entidades que teñen rexistro de persoal**

Subgrupos	Mostra	Dispoñen de rexistro	% sobre a mostra
1. Deputacións	4	2	50,0%
<b>Total Deputacións</b>	<b>4</b>	<b>2</b>	<b>50,0%</b>
2.1 máis de 50.000 h.	6	2	33,3%
2.2 de 20.001 a 50.000 h.	14	3	21,4%
2.3 de 10.001 a 20.000 h.	33	3	9,1%
2.4 de 5.001 a 10.000 h.	52	2	3,8%
2.5 ata 5.000 h.	194	18	9,3%
<b>Total Municipios</b>	<b>299</b>	<b>28</b>	<b>9,4%</b>

Do Grupo 1, tan só as Deputacións de Lugo e Pontevedra informan que teñen constituído formal e materialmente o rexistro de persoal regulado no artigo 90.3 da LRBRL.

As cidades de Pontevedra e Vigo son as únicas que responderon sinalando que constituíron o rexistro de persoal.

Dos 14 municipios da mostra do Grupo 2.2 que responderon, tan só 3 concellos (Arteixo, Ribeira e Vilagarcía) indicaron que dispoñen de rexistro de persoal.

Os 3 únicos concellos do Grupo 2.3 que contestaron aseverando que teñen rexistro de persoal constituído formal e materialmente foron Noia, Poio e Sanxenxo.

Do Grupo 2.4, tan só 2 municipios (Brión e Cospeito) afirman contar co devandito rexistro.

Por último, 18 concellos do Grupo 2.5 manifestaron dispor de rexistro de persoal (Arnoia, Beade, Boqueixón, Campo Lameiro, Capela, Cesuras, Coles, Corcubión, Cotobade, Dozón, Fornelos de Montes, Maside, Merca, Monterrei, Neves, Pazos de Borbén, San Xoán de Río e Tordoia).

En resumo, obsérvase o incumprimento xeneralizado da obriga de constituír o Rexistro de Persoal. Tan só a metade das deputacións dispoñen do mencionado rexistro, formal e materialmente constituído, e o 90,6% de municipios carecen del.

Incúmprese, deste xeito, non só a obriga legal da súa constitución, senón a súa función como ferramenta para determinar as nóminas e onde inscribir os actos que afecten á vida administrativa



do persoal. Dada a súa importancia, o artigo 71.4 do EBEP sinala que, cando as entidades locais non contan coa suficiente capacidade financeira ou técnica, a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas cooperarán con aquelas, aos efectos contemplados en materia de rexistros de persoal e xestión integrada de recursos humanos.

O catálogo de entidades que **non teñen** rexistro de persoal indícase no **Anexo 4**.

### II.1.5. Plantilla de persoal

A plantilla de persoal, prevista nos artigos 90.1 da LRBRL e 126 do TRRL, é un instrumento de ordenación de persoal que debe aprobar anualmente cada entidade a través do orzamento. Comprenderá todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, debendo responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia.

A vinculación directa da plantilla á aprobación do orzamento, permite una programación das necesidades de efectivos de persoal que a propia execución do orzamento determina.

No cuestionario, preguntouse se a *plantilla de persoal se aprobou co orzamento do correspondente exercicio*. As respostas poñen de manifesto o cumprimento maioritario de aprobación de plantillas.

**Cadro 11. Entidades que aprobaron plantilla de persoal**

Subgrupos	Mostra	Plantilla aprobada	% sobre a mostra
1. Deputacións	4	4	100,0%
<b>Total Deputacións</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>100,0%</b>
2.1 máis de 50.000 h.	6	6	100,0%
2.2 de 20.001 a 50.000 h.	14	13	92,9%
2.3 de 10.001 a 20.000 h.	33	32	97,0%
2.4 de 5.001 a 10.000 h.	52	43	82,7%
2.5 ata 5.000 h.	194	181	93,3%
<b>Total Municipios</b>	<b>299</b>	<b>275</b>	<b>92,0%</b>

Todas as deputacións (Grupo 1) e cidades (Grupo 2.1) informaron que a plantilla de persoal se aprobou con ocasión da aprobación do orzamento.

Dos municipios que integran o Grupo 2.2, tan só o Concello de Marín responde indicando que non a aprobaron. Do Grupo 2.3, agás o Concello de Betanzos, todos os demais do grupo expresan que dispoñen de plantillas aprobadas.

Por último, do Grupo 2.4, o 82,7% de entidades informaron contar con plantilla aprobada; e a porcentaxe de municipios do Grupo 2.5, que indican dispor de plantilla de persoal aprobada co orzamento do exercicio correspondente, ascende ata o 93,3%.

En suma, e de conformidade coas respostas recibidas, pódese afirmar que as entidades locais galegas, en xeral, aprobaron cos seus orzamentos a plantilla de persoal.

Os municipios que **non aprobaron plantilla** de persoal con ocasión da aprobación do orzamento figuran relacionados no **Anexo 5**.

### II.1.6. Control de cumprimento da xornada laboral

Para coñecer se existen mecanismos que permitan o control do cumprimento da xornada laboral e horario dos traballadores públicos, formulouse a seguinte pregunta ás entidades fiscalizadas: *¿Implantouse na entidade algún instrumento de control de asistencia e puntualidade do persoal?*

Os resultados obtidos preséntanse no seguinte Cadro 12.

**Cadro 12. Entidades que dispoñen de instrumentos para controlar a asistencia e puntualidade do persoal**

Subgrupos	Mostra	Asistencia e puntualidade	% sobre a mostra
1. Deputacións	4	4	100,0%
<b>Total Deputacións</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>100,0%</b>
2.1 máis de 50.000 h.	6	4	66,7%
2.2 de 20.001 a 50.000 h.	14	11	78,6%
2.3 de 10.001 a 20.000 h.	33	12	36,4%
2.4 de 5.001 a 10.000 h.	52	15	28,8%
2.5 ata 5.000 h.	194	11	5,7%
<b>Total Municipios</b>	<b>299</b>	<b>53</b>	<b>17,7%</b>

De acordo coa información recibida, obsérvase que, nas entidades de maior poboación, existen controles de asistencia ao traballo. En concreto, implantáronse sistemas para esta finalidade en todas as deputacións. No grupo de cidades, salvo os concellos de Ourense e Pontevedra, o resto posúe mecanismos que permiten inspeccionar o horario e a asistencia ao traballo. Do Grupo 2.2, todos os municipios, agás Cangas, Carballo e Ribeira, dispoñen tamén de procedementos de control.

Sen embargo, a maioría de municipios menores de 20.000 habitantes informan que non utilizan controis de asistencia e puntualidade sobre o seu persoal. En particular, do Grupo 2.3 tan só teñen implementados procesos de vixilancia 12 municipios (36,4%); do Grupo 2.4, unicamente hai 15 concellos (28,8%), e do Grupo 2.5 tan só 11 (o 5,7%) dispoñen dalgún instrumento de control sobre cumprimento de xornada.

No **Anexo 6** detállanse os municipios que **non dispoñen** de instrumentos para controlar a asistencia e puntualidade dos seus empregados.

## II.2. AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL AO SERVIZO DE ENTIDADES LOCAIS

A estrutura do soldo dos funcionarios difire sustancialmente da correspondente ao persoal laboral e cargos electos, ao clasificarse en retribucións básicas e complementarias. As remuneracións do persoal laboral adecúanse ao disposto na lexislación laboral, ao contrato de traballo e convenio colectivo aplicable, mentres que será o pleno da entidade quen estableza os membros corporativos que exercerán o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial e a contía das súas retribucións.

Como se detalla no epígrafe seguinte, as retribucións dos cargos electos das entidades locais regúlanse con carácter básico nos apartados 1 ao 6 do artigo 75 da LRBRL. Pola súa parte, as remuneracións dos empregados públicos contéñense no artigo 93 da LRBRL e nos artigos 21 ao 30 do EBEP.

### II.2.1. Réxime retributivo

O réxime retributivo dos **membros das corporacións locais** inclúese no artigo 75 da LRBRL, con carácter de lexislación básica. É no artigo 13 do ROF onde se preceptúa que as retribucións, indemnizacións e asistencias a percibir polos membros das corporacións locais deberán estar consignadas nos seus orzamentos. Neste marco normativo, os respectivos plenos son quen, a proposta do presidente da entidade, determinarán os cargos electos con dedicación exclusiva ou parcial, ca súa correspondente remuneración.

Pola súa parte, ao **persoal eventual** aféctalle o marco retributivo xeral de funcionarios de carreira, no que sexa adecuado á natureza da súa condición.

No que se refire a retribucións dos **funcionarios**, a regulación básica contéñense no capítulo III do título III *Dereitos retributivos*, da Lei 7/2007, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, e que é aplicable aos funcionarios da Administración Local na forma sinalada no seu artigo 3. Ademais desta normativa, o regulamento de desenvolvemento da anterior lei reguladora da materia (Lei 30/1984, de medidas de reforma para a función pública), en vigor durante os exercicios obxecto deste Informe, contense no Real decreto 861/1986, do 25 de abril, de réxime retributivo dos funcionarios de administración local, co seguinte marco competencial:

- Corresponde ao lexislador estatal, a través da correspondente LPGE, fixar a contía das retribucións básicas, en función do grupo de pertenza do funcionario. As retribucións complementarias determinanse pola propia entidade local, se ben a súa contía global será fixada dentro dos límites máximos e mínimos que determine o Estado.
- É competencia do pleno da respectiva corporación asignar o nivel de complemento de destino do posto de traballo, dentro dos niveis máximos e mínimos establecidos para os funcionarios do Estado segundo cada categoría, aplicándose a retribución fixada para o devandito nivel pola LPGE do ano

correspondente. Tamén corresponde ao pleno establecer o importe do complemento específico. Non obstante, para o caso concreto de FHCN, a Disposición adicional 7ª do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, estableceu con vixencia para o período fiscalizado, os niveis de complemento de destino 24 e 26 como os niveis mínimos para as subescalas de secretaria-intervención e de intervención-tesourería, respectivamente. Ademais, acordouse unha contía mínima para o complemento específico de 8.000,00 euros e, en ningún caso, inferior á prevista para o resto do persoal da entidade.

- Por último, corresponde ao presidente da entidade decidir a asignación individual do complemento de produtividade e das gratificacións de conformidade co orzamento aprobado polo Pleno.

Pola súa parte, ao **persoal laboral** élle de aplicación o disposto no artigo 27 do EBEP, onde se indica que as súas retribucións determinaranse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, respectando o establecido sobre contías retributivas na Lei de Orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

### **II.2.2. Regulación orzamentaria**

Segundo o disposto na Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a vixente estrutura dos orzamentos das entidades locais, as retribucións de persoal rexístranse no capítulo primeiro dos estados de gastos, onde se inclúen as remuneracións de persoal ao servizo da corporación (funcionarios de carreira, interinos e persoal contratado en réxime laboral fixo ou temporal), e tamén os haberes de cargos electos e eventuais.

Os gastos que se aplican a este capítulo inclúen salarios e cotizacións obrigatorias aos distintos réximes de seguridade social; prestacións sociais que engloban pensións e remuneracións a conceder en razón de cargas familiares; así como gastos de natureza social en cumprimento de acordos e disposicións aplicables.

### **II.2.3. Medidas extraordinarias para reducir o déficit público**

Durante os exercicios obxecto deste Informe (2011 e 2012), o Goberno de España adoptou unha serie de medidas de contención do gasto público, que afectaron ás remuneracións do persoal ao servizo do sector público local. Así, no ano 2011, as retribucións deste persoal tiveron limitado o seu incremento, respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2010, por ser de aplicación, en termos anuais, a redución de haberes prevista no artigo 22.dous.B) da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos para 2010. Ademais, o artigo 2 do RDL 20/2012, suprimiu durante o ano 2012 a paga extraordinaria de decembro e a paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do mes de decembro do persoal do sector público.

## II.3. NÚMERO DE EFECTIVOS AO SERVICIO DE ENTIDADES LOCAIS

A información requirida, para cuantificar o número de efectivos existente nas corporacións locais de Galicia, refírese a persoal que percibiu remuneracións en 2011 e/ou 2012. Trátase, polo tanto, de cargos ou postos de traballo dotados orzamentariamente e cuxo titular cobrou as correspondentes retribucións.

Nos apartados seguintes, preséntanse os resultados obtidos sobre os diferentes tipos de persoal. Porén, os ficheiros remitidos conteñen información que evidencia un tratamento diferente do dato solicitado. De tal xeito que, en numerosos cuestionarios, cando se produciron cambios do titular do cargo ou posto de traballo (alcalde, concelleiro con dedicación exclusiva ou parcial, secretario, interventor, etc.), consignouse a variación como se se tratara dun novo efectivo. Esta circunstancia esixiu que se realizara a oportuna modificación para obter o dato correcto.

### II.3.1. Órganos de goberno

Como se indicou, o artigo 75 da LRBRL determina que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Este mesmo precepto dispón que os membros das corporacións locais, que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as corporacións as cotas empresariais que procedan. Ditas retribucións non poderán superar os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparellada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción de tales retribucións.

Tan só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

Para determinar o número de efectivos que perciben retribucións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, solicitouse aos entes locais que proporcionasen o dato. Porén, o traballo viuse condicionado polas restricións ao alcance sinaladas no epígrafe *I.II Limitacións* do Informe, é dicir, polos 8 concellos que non subministraron información. Pero tamén, pola ausencia de cumprimentación do dato doutros 14 concellos que non o facilitaron (Cartelle, Castrelo do Val,

Cedeira, Cenlle, A Gudiña, Guntín, Larouco, Montederramo, Parada de Sil, Pontedeva, A Teixeira, Triacastela, A Veiga e Vilamarín).

En consecuencia, a mostra obxecto da análise está constituída polos entes que se presentan detallados por subgrupos no seguinte Cadro 13:

**Cadro 13. Mostra de entidades por subgrupo para análise de cargos electos con DE ou DP**

Subgrupos	Entidades	Mostra	Mostra en %
1. Deputacións	4	4	100,00%
<b>Total Deputacións</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>100,00%</b>
2.1 máis de 50.000 h.	7	7	100,00%
2.2 de 20.001 a 50.000 h.	15	14	93,30%
2.3 de 10.001 a 20.000 h.	37	36	97,30%
2.4 de 5.001 a 10.000 h.	54	51	94,40%
2.5 ata 5.000 h.	202	185	91,58%
<b>Total Municipios</b>	<b>315</b>	<b>293</b>	<b>93,01%</b>

Coa información aportada polas entidades locais que configuran a mostra, cuantificouse o número de cargos electos que perciben retribucións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

En 2011, contabilizáronse 32 deputados provinciais con dedicación exclusiva e 520 cargos municipais nese mesmo réxime de dedicación. No 2012, constan 27 deputados con dedicación exclusiva e outros 27 deputados con dedicación parcial, mentres que, nos concellos, 444 cargos tiñan dedicación exclusiva e 322 dedicación parcial, como se detalla no seguinte Cadro 14.

**Cadro 14. Cargos electos con dedicación exclusiva ou parcial**

NÚMERO DE CARGOS ELECTOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA (DE.) OU DEDICACIÓN PARCIAL (DP.) POR TRAMO POBOACIONAL, 2011 - 2012							
TRAMO DE ENTIDADE	MOSTRA	DEDICACIÓN EXCLUSIVA		Variación	DEDICACIÓN PARCIAL		Variación
		2011	2012		2011	2012	
1. Deputacións	4	32	27	-5	34	27	-7
<b>Total Deputacións</b>	<b>4</b>	<b>32</b>	<b>27</b>	<b>-5</b>	<b>34</b>	<b>27</b>	<b>-7</b>
2.1 máis de 50.000 h.	7	80	81	1	20	20	0
2.2 de 20.001 a 50.000 h.	14	58	41	-17	64	51	-13
2.3 de 10.001 a 20.000 h.	36	100	78	-22	77	63	-14
2.4 de 5.001 a 10.000 h.	51	106	89	-17	98	73	-25
2.5 ata 5.000 h.	185	176	155	-21	137	115	-22
<b>Total Municipios</b>	<b>293</b>	<b>520</b>	<b>444</b>	<b>-76</b>	<b>396</b>	<b>322</b>	<b>-74</b>

A información proporcionada revela unha diminución xeneralizada de cargos con dedicación exclusiva ou parcial en 2012 respecto a 2011, tanto no grupo de deputacións como no de concellos. No caso das 4 deputacións, diminuíu en 5 o número de cargos con dedicación exclusiva e en 7 os deputados con dedicación parcial. Pola súa parte, o conxunto de municipios reduciu en 76 o número

de cargos electos con dedicación exclusiva e en 74 os que ostentaban dedicación parcial. Porén, obsérvase como o Grupo 2.1 conta con 1 concelleiro máis con dedicación exclusiva que no exercicio precedente. Trátase da incorporación dun edil do Concello de Pontevedra con este tipo de dedicación no ano 2012.

### II.3.2. Persoal eventual

O artigo 12 do EBEP determina que o persoal eventual só realizará funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.

Non existiron limitacións ao alcance que impedisen realizar o traballo, para determinar o seu número, a excepción dos 8 municipios que non colaboraron. Por conseguinte, a mostra é a que consta no Cadro 15.

**Cadro 15. Mostra de entidades por subgrupo para cuantificar o número de persoal eventual**

Subgrupos	Entidades	Mostra	Mostra en %
1. Deputacións	4	4	100,00%
<b>Total Deputacións</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>100,00%</b>
2.1 máis de 50.000 h.	7	7	100,00%
2.2 de 20.001 a 50.000 h.	15	14	93,33%
2.3 de 10.001 a 20.000 h.	37	36	97,30%
2.4 de 5.001 a 10.000 h.	54	52	96,30%
2.5 ata 5.000 h.	202	198	98,02%
<b>Total Municipios</b>	<b>315</b>	<b>307</b>	<b>97,46%</b>

Coa información aportada polas entidades locais que configuran a mostra, cuantificouse o número de efectivos que traballa como persoal eventual. Os resultados obtidos especificáanse no seguinte Cadro 16.

**Cadro 16. Número de efectivos que traballa como persoal eventual**

NÚMERO DE PERSOAL EVENTUAL POR TRAMO POBOACIONAL, 2011 - 2012						
GRUPO DE ENTIDADE	Mostra entidades	Efectivos 2011	% sobre o total	Efectivos 2012	% sobre o total	Variación
1. Deputacións	4	101	100,00%	77	100,00%	-24
<b>Total Deputacións</b>	<b>4</b>	<b>101</b>	<b>100,00%</b>	<b>77</b>	<b>100,00%</b>	<b>-24</b>
2.1 máis de 50.000 h.	7	136	49,64%	100	45,66%	-36
2.2 de 20.001 a 50.000 h.	14	53	19,34%	43	19,63%	-10
2.3 de 10.001 a 20.000 h.	36	38	13,87%	31	14,16%	-7
2.4 de 5.001 a 10.000 h.	52	22	8,03%	20	9,13%	-2
2.5 ata 5.000 h.	198	25	9,12%	25	11,42%	0
<b>Total Municipios</b>	<b>307</b>	<b>274</b>	<b>100,00%</b>	<b>219</b>	<b>100,00%</b>	<b>-55</b>

En termos xerais, obsérvase unha diminución de persoal con funcións expresamente cualificadas como de confianza e especial asesoramento no conxunto de entidades locais.

No caso concreto de deputacións provinciais, pasouse de 101 eventuais no 2011 a 77 rexistrados no 2012 (variación de -24 efectivos). Situación análoga advírtese no grupo de cidades, con 136 cargos de confianza no 2011 e 100 no ano seguinte, comportando unha redución de 36 postos desta natureza.

As entidades de poboación inferior a 50.000 habitantes non dispoñen, nestes anos, en termos relativos e comparándoas coas cidades, dun elevado número de persoal eventual. Con todo, agás nos municipios de menos de 5.000 habitantes, onde constan 25 persoas en ambos exercicios, mantendo polo tanto o seu número, obsérvase un descenso xeneralizado deste tipo de persoal nos demais tramos de poboación.

### **II.3.3. Persoal funcionario**

O Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, contén limitacións á incorporación de novo persoal para o ano 2012, ao quedar reducida a cero, con carácter xeral, a taxa de reposición de efectivos.

Non obstante, as prazas vacantes existentes con anterioridade á entrada en vigor do citado Real decreto-lei, puideron ser cubertas mediante os oportunos procesos selectivos. Así mesmo, a cobertura de prazas xa creadas, correspondentes a procesos de consolidación de emprego temporal de carácter estrutural e permanente, tampouco se prohibía.

Ademais, fíxose unha taxa de reposición do 10 por cento en determinados supostos, entre os que se atopan as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, aínda que atendendo á clasificación das diferentes forzas e corpos de seguridade, contida no artigo 2º da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, que as regula, a policía local quedarían fóra desta previsión excepcional, sen prexuízo de que, como xa se indicou, trátase de vacantes incluídas en ofertas de emprego público anteriores á entrada en vigor desta norma.

Todas estas previsións normativas afectaron á cifra de empregados públicos, de tal xeito que se viu reducido o seu número en 2012 respecto do ano anterior en 183 funcionarios (como se indica nos seguintes Cadros 17 e 18).

Neste sentido, considérase oportuno resaltar que, o traballo realizado, non se encamiñou a verificar o estrito cumprimento das anteriores restricións, xa que as Directrices técnicas específicas perseguen cuantificar o número de efectivos e clases de persoal, segundo a información facilitada polas diferentes entidades.



De acordo coa información proporcionada, no ano 2011 constan 11.206 funcionarios de carreira, entendidos como empregados públicos que, en virtude de nomeamento legal, están vinculados á Administración por unha relación estatutaria regulada polo Dereito administrativo, para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente. No 2012, o seu número diminuíu ata situarse en 11.023 funcionarios.

No seguinte Cadro 17, obsérvase como a variable tamaño de poboación está directamente relacionada co número de efectivos.

**Cadro 17. Número de funcionarios por tramo de poboación**

NÚMERO DE FUNCIONARIOS POR TRAMO POBOACIONAL, 2011 - 2012					
TRAMO DE POBOACIÓN	Efectivos 2011	% sobre o total	Efectivos 2012	% sobre o total	Variación
GRUPO 1. Deputacións	1.817	16,21%	1.779	16,14%	-38
GRUPO 2.1 máis de 50.000 h.	4.921	43,92%	4.859	44,08%	-62
GRUPO 2.2 de 20.001 a 50.000 h.	1.452	12,96%	1.442	13,08%	-10
GRUPO 2.3 de 10.001 a 20.000 h.	1.349	12,04%	1.323	12,00%	-26
GRUPO 2.4 de 5.001 a 10.000 h.	803	7,17%	765	6,94%	-38
GRUPO 2.5 ata 5.000 h.	864	7,71%	855	7,76%	-9
<b>TOTAL</b>	<b>11.206</b>	<b>100,00</b>	<b>11.023</b>	<b>100,00</b>	<b>-183</b>

A información deste Cadro corrobora a afirmación anterior, de tal xeito que o detalle de funcionarios por tramo de poboación revela como as administracións que aglutinan maior nivel de poboación son as que tamén presentan maior volume de efectivos.

A suma de funcionarios de deputacións e cidades (Grupos 1 e 2.1) representa o 60% do total de empregados, tanto no 2011 como no 2012. Así mesmo, os datos mostran cómo nestes dous grupos é onde máis se viu reducido o número de funcionarios.

Nos municipios con máis de 10.000 veciños pero menos de 50.000 habitantes, a porcentaxe de funcionarios sitúase en torno ao 12% da totalidade, nos dous anos obxecto da análise.

Os subgrupos 2.4 e 2.5 (entidades con menor poboación), representan os valores porcentuais máis reducidos respecto ao conxunto total, cun 7% aproximadamente, ambos os grupos, e tanto no 2011 como no 2012.

No seguinte Cadro 18, preséntanse datos sobre o número de funcionarios baixo outra perspectiva de interese. A clasificación realízase segundo o grupo de acceso á función pública no que se atopan catalogados.

Precisamente, o artigo 76 do EBEP dispón que os corpos e escalas de funcionarios se clasifiquen en grupos e subgrupos, de acordo coa titulación esixida para o acceso aos mesmos. Este precepto ten carácter básico, polo que é de aplicación a todos os funcionarios das distintas administracións

públicas, e determina que para o acceso ao grupo A, que se divide en A1 e A2, requírese titulación de grao. O grupo C tamén se descompón nos subgrupos C1 e C2, sendo preciso ter o bacharelato ou título de técnico para C1 e de graduado en educación secundaria obrigatoria para o C2. O traballo realizado contemplou aos funcionarios que integran o desaparecido grupo E e asimilados (ao que se accedía con certificado de escolaridade), xa que de conformidade co disposto na Disposición adicional sétima do EBEP, referida a *Outras agrupacións profesionais*, permítese establecer outras agrupacións diferentes das enunciadas anteriormente, para cuxo acceso non se esixa estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no vixente sistema educativo.

**Cadro 18. Número de funcionarios por grupo de acceso á función pública**

NÚMERO DE FUNCIONARIOS POR SUBGRUPOS, 2011 - 2012					
GRUPO DE TITULACIÓN	Efectivos 2011	% sobre o total	Efectivos 2012	% sobre o total	Variación
Habilitados nacionais	468	4,18%	464	4,21%	-4
Funcionarios subgrupo A1	894	7,98%	890	8,07%	-4
Funcionarios subgrupo A2	1.243	11,09%	1.220	11,07%	-23
Funcionarios subgrupo C1	4.328	38,62%	4.341	39,38%	13
Funcionarios subgrupo C2	3.079	27,48%	2.990	27,13%	-89
Funcionarios grupo E e asimilados	1.194	10,66%	1.118	10,14%	-76
<b>TOTAL</b>	<b>11.206</b>	<b>100,00%</b>	<b>11.023</b>	<b>100,00%</b>	<b>-183</b>

Segundo a información contida nos ficheiros remitidos, no ano 2011 constan 468 funcionarios da escala de habilitados de carácter nacional (FHCN), cuxas funcións reguladas no artigo 92.3 a) e b) da LRBRL son as comprensivas de fe pública e o asesoramento legal preceptivo, no caso de secretaría, e para intervención-tesourería, o control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria e a contabilidade, tesourería e recadación.

No ano seguinte, o seu número (464) diminuíu en 4 persoas ao quedar vacante a praza correspondente. Trátase dos postos de traballo de secretaría e intervención no Concello de Negreira, do posto de interventor en Ribeira, o de vicesecretario na Deputación de Lugo, o de secretario en Chantada e o de secretario-interventor en Dozón. Pola súa parte, no Concello de Santiago creáronse 2 prazas de secretaría e intervención. En consecuencia, como se indicou, o efecto neto fai que o número de FHCN diminuíra en 4 postos de traballo.

Os funcionarios do subgrupo A1 totalizan 894 efectivos no 2011 e 890 ao ano seguinte. A diminución de funcionarios apenas é significativa (4 empregados menos). Este tipo de postos de traballo, que esixen para o seu desempeño titulación universitaria superior, e teñen entre as súas funcións as de carácter directivo de xestión, inspección, execución, control, estudio e proposta de

carácter administrativo de nivel superior, representan o 8% aproximadamente do conxunto total de funcionarios.

Os postos reservados para o resto de universitarios (subgrupo A2) totalizan 1.243 funcionarios no 2011 e 1.220 no 2012. O seu peso relativo tamén é reducido (11% do total) e o seu número viuse minorado en 23 persoas. As súas principais funcións consisten na colaboración en tarefas administrativas de nivel superior e de xestión administrativa, non específicas de técnicos superiores.

Se é considerado o número de efectivos ao que se esixe titulación universitaria para o desempeño do posto (habilitados nacionais e funcionarios dos subgrupos A1 e A2), obsérvase que, en termos porcentuais, representa o 23% sobre o total. Polo tanto, dedúcese facilmente e como se corrobora a continuación, o claro predominio dos postos sen titulación universitaria sobre os que teñen atribuídas funcións de nivel superior.

Neste sentido, o colectivo de funcionarios mais numeroso é o do subgrupo C1 (técnicos auxiliares, administrativos, policía municipal, etc.) con 4.328 empregados no 2011 e 4.341 no 2012, números que representan cerca do 40% do total de efectivos. Da análise efectuada obsérvase o aumento de 13 efectivos, en termos netos, no ano 2012 respecto ao exercicio anterior. Debido a esta circunstancia, realizáronse traballos específicos de fiscalización resultando que a cobertura de prazas foi correcta, ao incluírse en ofertas de emprego público anteriores á entrada en vigor o Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, ao tratarse de procesos de consolidación de emprego temporal.

O subgrupo C2, integrado fundamentalmente por auxiliares administrativos, é o segundo colectivo máis numeroso, co 27% do total de efectivos. Este grupo foi o que máis diminución de funcionarios sufriu, cun descenso de 89 traballadores que ou ben causaron baixa por xubilación ou cambiaron de grupo.

Os funcionarios pertencentes ao grupo E e asimilados, que se ocupan de tarefas de vixilancia, custodia, porteo ou outras análogas, e ao que non se esixe ningunha das titulacións previstas no vixente sistema educativo, representan o 11% do total de traballadores no 2011 e o 10% no 2012. O seu número descendeu en 76 efectivos.

#### **II.3.4. Persoal laboral**

O EBEP regula de forma moi somera a categorización do persoal laboral, establecendo no artigo 77 que se clasificará de conformidade coa lexislación laboral. En canto as súas retribucións, o artigo 27 do EBEP sinala que se determinarán de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, respectando en todo caso o establecido no artigo 21 do EBEP, sobre determinación de contías e incrementos retributivos.

Do mesmo xeito que o sinalado no epígrafe anterior, correspondente a funcionarios de carreira, o Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, contén límites á contratación no exercicio 2012 de novo persoal laboral. O traballo que se presenta neste apartado, consistiu en determinar o número de contratados laborais fixos existente no 2011 e 2012, segundo os datos proporcionados polas propias entidades locais galegas.

No seguinte Cadro 19 móstrase o número de efectivos contratados en réxime laboral, coa distribución por estrato de poboación, segundo a información extraída dos ficheiros remitidos.

No ano 2011 constan 5.313 traballadores. O seu número descendeu en 217 postos netos no exercicio seguinte, totalizando os 5.096 individuos.

**Cadro 19. Número de laborais por estrato de poboación**

<b>NÚMERO DE LABORAIS FIJOS POR TRAMO POBOACIONAL, 2011 - 2012</b>					
<b>ESTRATO DE POBOACIÓN</b>	<b>Efectivos 2011</b>	<b>% sobre o total</b>	<b>Efectivos 2012</b>	<b>% sobre o total</b>	<b>Variación</b>
GRUPO 1. Deputacións	796	14,98%	797	15,64%	1
GRUPO 2.1 máis de 50.000 h.	605	11,39%	594	11,66%	-11
GRUPO 2.2 de 20.001 a 50.000 h.	846	15,92%	756	14,84%	-90
GRUPO 2.3 de 10.001 a 20.000 h.	1.150	21,65%	1.140	22,37%	-10
GRUPO 2.4 de 5.001 a 10.000h.	792	14,91%	782	15,35%	-10
GRUPO 2.5 ata 5.000 h.	1.124	21,16%	1.027	20,15%	-97
<b>TOTAL</b>	<b>5.313</b>	<b>100,00%</b>	<b>5.096</b>	<b>100,00%</b>	<b>-217</b>

Da análise dos resultados obtidos dedúcese que non existe unha correlación directa entre tamaño de poboación e número de persoal contratado en réxime laboral. Este comportamento difire da evidencia empírica obtida da análise do persoal funcionario, onde as administracións de maior tamaño en termos de poboación, dispoñían de máis empregados.

No ano 2011, as 4 deputacións provinciais tiñan 796 contratados laborais (14,98% do total). No 2012, o seu número aumentou nunha unidade neta, alcanzando os 797 laborais (15,64%). O grupo de cidades tampouco presenta un elevado número de contratados en réxime laboral. No 2011 suman 605 efectivos (11,39%) e no ano seguinte totalizan 594 traballadores (11,66%).

Polo tanto, considerando a suma de contratados laborais nas deputacións e cidades (Grupos 1 e 2.1), o seu peso relativo significa o 26% do total de empregados no 2011 e o 27% no 2012. Acreditando o exposto anteriormente.

O comportamento do Grupo 2.2 ratifica tamén que o peso relativo dos contratados laborais, nos núcleos de poboación relativamente grandes, é pouco significativo. No ano 2011 constan 846

contratados (15,92%) e o seu número descende no 2012 en 90 efectivos, situándose a cifra en 756 empregados laborais (14,84%).

O grupo máis numeroso, con 1.150 efectivos no 2011 (21,65%) e 1.140 no ano seguinte (22,37%), a pesar de que o seu número descendeu en 10 unidades en termos netos, é o que aglutina a poboación de máis de 10.000 habitantes pero non supera os 20.000 veciños.

Os municipios do Grupo 2.4 son os que menos traballadores teñen contratados baixo modalidades de réxime laboral. No 2011 o seu número é de 792 efectivos (14,91%) e, ao igual que no grupo anterior, tamén se reduciu o seu número en 10 efectivos, resultando no 2012 un total de 782 asalariados laborais (15,35%).

Finalmente, o Grupo de ata 5.000 veciños (Grupo 2.5) contén un importante número de persoal laboral. No 2011, a cifra é de 1.124 traballadores (21,16%) e o seu número se reduce en 97 persoas ata os 1.027 efectivos no 2012 (20,15%).

No seguinte Cadro 20, ordénase a información obtida sobre efectivos de persoal laboral existente no 2011 e 2012, catalogada atendendo á titulación necesaria para ocupar o posto.

**Cadro 20. Número de laborais por grupos de titulación**

NÚMERO DE LABORAIS FIXOS SEGUNDO TITULACIÓN, 2011 - 2012					
GRUPO DE TITULACIÓN	EFFECTIVOS 2011	% sobre o total	EFFECTIVOS 2012	% sobre o total	VARIACIÓN
LABORAL GRUPO 1	398	7,49%	375	7,36%	-23
LABORAL GRUPO 2	1.176	22,13%	1.093	21,45%	-83
LABORAL GRUPO 3	440	8,28%	445	8,73%	5
LABORAL GRUPO 4	1.127	21,21%	1.104	21,66%	-23
LABORAL GRUPO 5	735	13,83%	734	14,40%	-1
LABORAL OUTROS	1.437	27,05%	1.345	26,39%	-92
<b>TOTAL</b>	<b>5.313</b>	<b>100,00%</b>	<b>5.096</b>	<b>100,00%</b>	<b>-217</b>

O número de contratados laborais que desempeña funcións de nivel superior (Grupo 1) é de 398 efectivos no 2011 (7,49%) e contabilizáronse 375 no 2012 (7,36%). O seu número é, polo tanto, relativamente baixo e descendeu en 23 unidades. Predominan os postos de técnicos locais de emprego e axentes de desenvolvemento local. Entre as súas funcións destacan as de colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial, as de animación, estímulo e innovación actuando como promotores de actividades emprendedoras, asesorando puntualmente sobre proxectos de empresa, e contribuíndo á dinamización e xeración de novas actividades no ámbito local.

Os postos que desenvolven o persoal laboral integrados no Grupo 2 totalizan 1.176 efectivos no 2011 e 1.093 no 2012. O seu peso relativo sitúase en torno ao 22% do total en ambos os exercicios, e o seu número reduciuse en 83 postos durante este período. Traballadores sociais,

asistentes sociais e educadores familiares son os postos preponderantes neste grupo. As súas funcións, entre outras, consisten na detección e análise de necesidades sociais dentro do seu ámbito territorial; así como a coordinación cos restantes servizos municipais e administracións no desenvolvemento de plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.

Ao contrario do que sucede co subgrupo C1 de funcionarios (técnicos auxiliares, administrativos, etc.), o persoal laboral do grupo equivalente é relativamente escaso. No 2011 contabilízanse 440 efectivos (8,28%) e aumenta o seu número en 5 postos no 2012, alcanzando os 445 contratados laborais (8,73%). O posto de traballo tipo, característico deste grupo, é o de oficial de obras e servizos, así como o de administrativo.

O Grupo 4 está integrado maioritariamente por operarios de brigadas de obras, peóns especialistas e auxiliares administrativos. No ano 2011 constan 1.127 efectivos (21,21%) e o seu número descendeu, en termos netos, en 23 contratados, pasando no ano 2012 aos 1.104 traballadores (21,66%).

O Grupo 5 pódese equiparar ao grupo E e asimilados de funcionarios, ao estar integrado por traballadores aos que non se esixe ningunha titulación. Trátase, entre outros, de persoal do servizo de limpeza, conserxes e auxiliares de axuda a domicilio. No ano 2011 rexístranse 735 efectivos (13,83%) e 1 posto menos, en termos netos, no ano seguinte 734 (14,40%).

Por último, o Grupo laboral outros estableceuse para consignar aquel tipo de persoal que, traballando para a Administración, foi declarado indefinido por sentenza xudicial do orde social. Porén, unha vez efectuados os traballos de campo de comprobación de datos, observouse que numerosas entidades interpretaron de forma incorrecta o dato que se solicitaba e enviaron o ficheiro considerando a calquera tipo de persoal laboral contratado dende fai anos de forma irregular, pero do que aínda non se ditou sentenza xudicial firme. En calquera caso, e tendo en conta esta salvidade, o número de laborais que se agrupa neste colectivo é de 1.437 efectivos no 2011 (27,05%) e de 1.345 no 2012 (26,39% do total).

Do anterior, dedúcese a existencia de traballadores contratados en réxime de dereito laboral que, por encadear contratos temporais, de forma irregular, ou por aplicar unha modalidade contractual errónea, son ou poderían ser declarados por sentenza do Xulgado do Social como traballadores indefinidos.

Evidenciase, desta forma, o incumprimento sistemático do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, ao cubrir necesidades de persoal de carácter permanente con este tipo de contratos. Así mesmo, obsérvase que se está convertendo na práctica un contrato temporal en indefinido, feito prohibido expresamente polo artigo 10.4 do

Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

## II.4. DATOS ORZAMENTARIOS DE GASTOS DE PERSOAL EN DEPUTACIÓNS E CONCELLOS, 2011-2012

Neste apartado, preséntase o volume total de gasto de persoal, ou o que é o mesmo, o volume total de retribucións expresado en termos de obrigas recoñecidas netas, das 4 deputacións e do conxunto de concellos. Destaca o significativo nivel de representatividade que teñen os gastos de persoal sobre o conxunto de capítulos orzamentarios, tanto en deputacións (Cadro 21) como en municipios (Cadro 22).


Cadro 21. Datos orzamentarios agregados da liquidación do orzamento 2011-2012. Deputacións

LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE GASTOS. DEPUTACIÓNS				
CAPÍTULO	2011		2012	
	Obrig. Recoñecidas	Peso Relativo	Obrig. Recoñecidas	Peso Relativo
1 Gastos de persoal	132.114.057,09	20,07%	122.682.848,76	23,64%
2 Gastos en bens e servizos	83.618.852,88	12,70%	72.982.821,10	14,06%
3 Gastos financeiros	6.130.400,33	0,93%	4.822.860,40	0,93%
4 Transferencias correntes	102.759.996,19	15,61%	94.106.423,02	18,13%
Gasto corrente	324.623.306,49	49,32%	294.594.953,28	56,76%
6 Investimentos reais	186.057.581,96	28,27%	108.766.185,12	20,95%
7 Transferencias de capital	97.349.629,92	14,79%	60.209.742,63	11,60%
Gasto Capital	283.407.211,88	43,06%	168.975.927,75	32,55%
8 Activos financeiros	3.019.495,97	0,46%	2.685.556,44	0,52%
9 Pasivos financeiros	47.110.485,63	7,16%	52.803.188,93	10,17%
Gasto Financeiro	50.129.981,60	7,62%	55.488.745,37	10,69%
<b>TOTAL</b>	<b>658.160.499,97</b>	<b>100,00%</b>	<b>519.059.626,40</b>	<b>100,00%</b>

Da análise dos datos agregados das 4 deputacións obsérvase como no 2011 os gastos correntes (49,32%) e de capital (43,06%), son as magnitudes máis notables. O comportamento destas masas, no ano seguinte, exhibe unha tendencia análoga en termos de importancia relativa e, respecto á magnitude de gasto financeiro (suma dos capítulos 8 e 9), que apenas ten relevancia orzamentaria (7,62% no 2011 e 10,69% no 2012), obsérvase un lixeiro repunte debido á maior carga por amortizacións da débeda, en detrimento dos investimentos.

En canto aos gastos de persoal, a cifra agregada das deputacións totaliza 132.114.057,09 euros no 2011 e 122.682.848,76 no 2012. O seu peso, respecto do total de gastos, é significativo. No 2011 absorbe o 20% do total e no exercicio seguinte o 23,64%. Xunto co capítulo de investimentos, representa o maior gasto realizado por estas entidades, como se pode observar no seguinte Gráfico 2.

Gráfico 2. Liquidación agregada do orzamento por capítulos de gasto. Deputacións



A diminución de gastos de persoal durante estes dous exercicios, polo importe de 9.431.208,33 euros, é consecuencia da redución de efectivos e dos axustes contemplados no Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, ao suprimir durante o ano 2012 a paga extraordinaria do mes de decembro e a paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes dese mesmo mes.

Esta situación, lóxicamente, tamén se reproduce no caso dos concellos, onde se observa unha diminución de 100.156.176,90 euros durante o período analizado, ao pasar dun gasto de persoal de 752.575.538,73 euros no 2011 a 652.419.361,83 euros no 2012, como se reflicte no seguinte Cadro 22.


Cadro 22. Datos orzamentarios agregados da liquidación do orzamento 2011-2012. Concellos

LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE GASTOS. CONCELLOS				
CAPÍTULO	2011		2012	
	Obrig. Recoñecidas	Peso Relativo	Obrig. Recoñecidas	Peso Relativo
1 Gastos de persoal	752.575.538,73	32,19%	652.419.361,83	31,10%
2 Gastos correntes en bens e servizos	859.559.366,23	36,77%	899.246.299,70	42,87%
3 Gastos financeiros	17.692.630,60	0,76%	23.256.632,15	1,11%
4 Transferencias correntes	150.086.871,11	6,42%	153.417.571,96	7,31%
Gasto Corrente	1.779.914.406,67	76,14%	1.728.339.865,64	82,40%
6 Inversións reais	441.429.188,90	18,88%	239.449.416,73	11,42%
7 Transferencias de capital	16.488.007,37	0,71%	26.665.880,06	1,27%
Gasto Capital	457.917.196,27	19,59%	266.115.296,79	12,69%
8 Activos financeiros	3.000.949,18	0,13%	2.707.255,78	0,13%
9 Pasivos financeiros	96.854.898,06	4,14%	100.352.670,10	4,78%
Gasto Financeiro	99.855.847,24	4,27%	103.059.925,88	4,91%
<b>TOTAL</b>	<b>2.337.687.450,18</b>	<b>100,00%</b>	<b>2.097.515.088,31</b>	<b>100,00%</b>



O gasto corrente (suma dos capítulos 1 ao 4), consume o 76% do total no 2011 e alcanza o 82% no exercicio seguinte, debido fundamentalmente ao incremento dos gastos en bens e servizos. Os gastos de capital representan o 19,59% no 2011 e diminúen no 2012 ata o 12,69%, pola menor actividade inversora municipal. Os activos e pasivos financeiros municipais non acadan en ningún destes dous exercicios o 5% sobre o total.

Gráfico 3. Liquidación do orzamento por capítulos de gasto. Concellos



No Gráfico 3, apréciase como nos concellos as obrigas recoñecidas dos gastos de persoal vense superadas no 2011 e 2012, tan só, polos gastos en bens correntes e servizos. En calquera caso, a súa importancia relativa supera o 30% do orzamento liquidado.

## II.5. DETALLE DE GASTOS DE PERSOAL EN DEPUTACIÓNS E CONCELLOS, 2011-2012

A información que se presenta neste apartado, obtívose dos ficheiros remitidos polas entidades que configuran a mostra, pero tamén das liquidacións orzamentarias que constan na base de datos do Consello de Contas de Galicia.

Ao dispor da totalidade de liquidacións orzamentarias, foi posible completar a mostra ata alcanzar o 100% de municipios. Desta forma, obtense o gasto de persoal rexistrado no 2011 como obrigas recoñecidas polas 4 deputacións provinciais (132.114.057,09 euros) e pola totalidade de municipios (752.575.538,73 euros), que alcanza a cifra total de 884.689.595,82 euros. No exercicio 2012, os gastos de persoal provinciais (122.682.848,76 euros) e municipais (652.419.361,83 euros) ascenden a 775.102.210,59 euros.

Os gastos retributivos dos diferentes tipos de persoal ao servizo das entidades locais clasifícanse nos seguintes artigos, segundo a Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais:

Artigo 10. Órganos de goberno e persoal directivo. Comprende conceptos retributivos destinados ao pago de retribucións deste tipo de persoal.

Artigo 11. Persoal eventual. Neste artigo contabilízanse as retribucións básicas e outras remuneracións do persoal eventual que foi nomeado polo órgano competente da entidade local de acordo coas disposicións vixentes.

Artigo 12. Persoal Funcionario. Impútanse a este artigo as retribucións básicas (soldo e trienios) e complementarias (complemento de destino, indemnización por residencia, complemento específico e complementos transitorios, así como calquera outro que se determine con arranxo ao disposto no artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, salvo os incentivos ao rendemento).

Artigo 13. Persoal laboral. Os créditos de gasto para retribucións e indemnizacións a satisfacer ao persoal laboral (fixo ou temporal) que presta servizos en corporacións locais, en virtude dos convenios colectivos ou normas laborais que lles sexan de aplicación, asígnanse a este artigo.

Artigo 14. Outro persoal. Imputaranse a este artigo as retribucións do persoal que non teña cabida na anterior clasificación.

Ademais das retribucións básicas e complementarias que se deben consignar nos artigos orzamentarios mencionados, os incentivos ao rendemento do persoal rexístranse orzamentariamente no Artigo 15. Incentivos ao rendemento, que comprende as retribucións destinadas a remunerar o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa no desempeño das funcións encomendadas, así como as retribucións de carácter excepcional recoñecidas por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que en ningún caso poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

Por último, as cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador contabilízanse no artigo 16.

### **II.5.1. Detalle dos gastos de persoal. Deputacións**

No 2011, como se indicou anteriormente, os gastos de persoal nas deputacións provinciais totalizaron 132.114.057,09 euros e no 2012 a cifra descendeu ata os 122.682.848,76 euros. O seu detalle, a nivel de artigo, posibilita a análise do gasto recoñecido pola respectiva entidade co

pormenor do tipo de persoal que percibiu retribucións do seu orzamento. Os datos preséntanse no seguinte Cadro 23.

**Cadro 23. Liquidación do orzamento de gastos por artigo, 2011-2012. Deputacións**

LIQUIDACIÓN AGREGADA DE GASTOS DE PERSOAL POR ARTIGOS. DEPUTACIÓNS				
ARTIGO	2011		2012	
	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PESO RELATIVO	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PESO RELATIVO
10 Órganos de goberno e persoal directivo	1.912.524,07	1,45%	1.809.311,84	1,47%
11 Persoal eventual	2.240.676,62	1,70%	2.021.338,01	1,65%
12 Persoal Funcionario	57.425.988,16	43,47%	51.845.927,56	42,26%
13 Persoal laboral	30.294.167,02	22,93%	25.846.366,24	21,07%
14 Outro persoal	2.869.314,33	2,17%	3.355.250,99	2,73%
15 Incentivos ao rendemento	4.863.896,34	3,68%	5.385.615,77	4,39%
16 Cotas, prestac. e gastos sociais empregador	32.507.490,55	24,61%	32.419.038,35	26,43%
<b>TOTAL</b>	<b>132.114.057,09</b>	<b>100,00%</b>	<b>122.682.848,76</b>	<b>100,00%</b>

Nos dous exercicios, o gasto de persoal funcionario (57.425.988,16 euros e 51.845.927,56 euros, respectivamente), foi o máis relevante, superando o 42% do total. Séguelle, as cotas e prestacións a cargo do empregador co 24,6% no 2011 e 26,4% no 2012, pero moi próximo aos gastos en persoal laboral (22,9% no 2011 e 21% no 2012).

O gasto para retribuír ao persoal que configura os órganos de goberno e persoal directivo está no 1,45% e 1,47% do orzamento executado no 2011 e 2012, respectivamente. Polo tanto, e pese á redución de cargos electos con dedicación exclusiva (5 efectivos menos no 2011) e dedicación parcial (7 efectivos menos no 2012), o seu peso relativo aumentou lixeiramente respecto ao total de obrigas liquidadas no 2011.

